

EXPTE NUM: 54/2023

DECRETO DE ALCALDÍA

ANTECEDENTES

Bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (PLAN CONCELLOS 2023) publicadas no BOPPO NUM 208, 31/10/2022 (Plan Concellos 2023).

Comunicación da contía por liñas do Plan Concellos 2023, recibida o 28/10/2022

Solicitude remitida a Deputación de Pontevedra da Subvención Liña 3: Emprego para a Conservación e o funcionamento de bens e servizos municipais, presentada o 30/11/2022 pola que se solicita a subvención por importe de 169.308,13€ con cargo Á LIÑA 3: EMPREGO, do Plan Concellos 2023, con destino ao financiamento da contratación de 10 persoas traballadoras (2 Conductor Maquinista, 2 Oficiais de 1ª Albanel, 3 Peóns de obra pública, 2 Peóns de limpeza e 1 Aux administrativo).

Visto a resolución de concesión de data 23 de xaneiro de 2023, da Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, de concesión de axudas do “PLAN PROVINCIAL DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS 2023” correspondente á Liña 3: Emprego para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, concedendo ao Concello de Caldas de Reis, 10 traballadores, nas categorías profesionais de 2 Conductor Maquinista, 2 Oficiais de 1ª, 3 Peóns de Obra Pública, 2 Peóns de Limpeza e 1 Aux. Administrativo, en xornada de 30h/sem. durante 9 meses, sendo o importe concedido de 169.308,13€.

Informe Núm 2023-0018 de 03/02/2023 de Secretaria e Intervención Municipal, de carácter desfavorable.

Á vista do exposto, e facendo uso das atribucións previstas no artigo 21.1 h) e s) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, RESOLVO:

PRIMEIRO. Aprobar as Bases de selección de persoal con carácter temporal ao abeiro do Plan Provincial de Obras e Servizos de Competencia Municipal para o exercicio 2023 pola Deputación de Pontevedra.

SEGUNDO. Ordenar a publicación das Bases da Convocatoria no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello, remitir a Oferta a Oficina de Emprego.

Caldas de Reis, febreiro de 2023.

O Alcalde,
Juan Manuel Rey Rey

DOCUMENTO ASINADO DIXITAMENTE AO MARX

Concello de Caldas de Reis

C/ Ferrería, 1, Caldas de Reis. 36650 Pontevedra. Tfno. 986540002. Fax: 986530393



BASES XERAIS POLAS QUE SE ESTABLECEN AS NORMAS PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL CON CARÁCTER TEMPORAL DO PLAN PROVINCIAL DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS 2023): LIÑA 3 EMPREGO, PARA O EXERCICIO 2023 DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA PRESTAR SERVIZOS NO CONCELLO DE CALDAS DE REIS. (BOPPO N° 208, do 31 de outubro de 2022).

1. OBXECTO.

Estas bases teñen como finalidade regular o procedemento que se aplicará na selección de 10 traballadores nas seguintes categorías: **2 CONDUCTOR MAQUINISTA, 2 OFICIAL DE 1ª ALBANEL, 3 PEÓNS DE OBRA PÚBLICA, 2 PEÓNS DE LIMPEZA e 1 AUX ADMINISTRATIVO**, conforme ao previsto no Capítulo II- Disposición Específica.1ª - Liña 3 das Bases reguladoras da Deputación Provincial de Pontevedra publicadas no BOPPO Núm. 208 do 31 de outubro de 2022.

As bases publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello e na sede electrónica do concello <https://caldasdereis.sedelectronica.gal>.

2. RELACIÓN XURÍDICA DOS TRABALLADORES CO CONCELLO DE CALDAS DE REIS.

A contratación realizarase a través da modalidade mellora da ocupabilidade e a inserción laboral no marco do programa de activación para o emprego impulsado pola Deputación Provincial de Pontevedra por medio da liña 3 do Plan Concellos 2023. A duración máxima do contrato será de 9 meses, debendo expirar en todo caso o 31.12.23

As vacacións e o horario, que poderá ser partido en xornada de mañá e tarde, e de luns a domingo, adaptaranse ás necesidades do servizo, xornada laboral de 30 horas semanais durante 9 meses.

As retribucións serán as vixentes seguindo a retribución asignada a cada posto de traballo establecida na Relación de postos de traballo aprobada en acordo do pleno o 26/09/2019 do Concello de Caldas de Reis: PEÓN, equiparado a grupo E, Nivel 14; OFICIAL, equiparado grupo C2, Nivel 16; CONDUCTOR MAQUINISTA, equiparado grupo C2, Nivel 16 e AUX. ADMINISTRATIVO equiparado grupo C2, Nivel 18.

CATEGORÍA	SALARIO BRUTO MENSUAL
AUX. ADMÓN	1.489,26€
CONDUCTOR MAQUINISTA	1.525,16€
OFICIAL 1ª ALBANEL	1.479,98€
PEÓN LIMPIEZA	1.377,09€
PEÓN OBRA PUBLICA	1.377,09€

3. ASPIRANTES QUE PODEN PRESENTARSE.

A selección farase entre as persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e que estean dispoñibles para o emprego e que

Concello de Caldas de Reis

C/ Ferrería, 1, Caldas de Reis. 36650 Pontevedra. Tfno. 986540002. Fax: 986530393



reúnan os requisitos establecidos no Capítulo I - Disposición Oitava - Liña 3 das Bases reguladoras da Deputación Provincial de Pontevedra publicadas no BOPPO Núm. 208 do 31 de outubro de 2022.

A oficina pública de emprego comunicará aos candidatos o lugar, día e hora no que deberán presentarse para recoller a documentación requirida no artigo 5 de ditas bases, dispoñendo dun prazo de 3 días hábiles para a súa presentación no Concello, xunto ca documentación indicada na base 5.

4. REQUISITOS ESPECÍFICOS DOS ASPIRANTES.

Os aspirantes terán superado os estudos de:

Núm. TRABALLADORES	OCUPACIÓN	TITULACIÓN
2	Conductor - Maquinista	Graduado en ESO, FP1 ou equivalente. Carné C e CAP en vixencia.
2	Oficial de 1ª Albanel	Graduado en ESO, FP1 ou equivalente.
3	Peón Obra Pública	Non se esixe estar en posesión de titulación algunha en aplicación do previsto na disposición adicional sexta apartado 1, do Real Decreto Lexislativo 5/2015, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
2	Peón Limpeza	Non se esixe estar en posesión de titulación algunha en aplicación do previsto na disposición adicional sexta apartado 1, do Real Decreto Lexislativo 5/2015, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
1	Aux. Administrativo	Graduado en ESO, FP1 ou equivalente.

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía, ditará resolución na que se aprobará a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as que se publicará no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal, e concederá un prazo de dous (2) días naturais para os efectos de reclamacións ou subsanacións de erros.

As reclamacións, se as houberse, serán resoltas na resolución pola que se aprobe a lista definitiva que se publicará do mesmo xeito que a provisional. Nesta mesma resolución figurará a composición do tribunal, o lugar e data da celebración da proba selectiva. No caso de que por circunstancias excepcionais houberse que modificar lugar, data ou hora da mesma, publicarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal da sede electrónica

Concello de Caldas de Reis

C/ Ferrería, 1, Caldas de Reis. 36650 Pontevedra. Tfno. 986540002. Fax: 986530393



municipal.

Os aspirantes que non reúnan os requisitos esixidos serán declarados excluídos do proceso selectivo.

5. REQUISITOS XERAIS DOS ASPIRANTES E PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN

As persoas remitidas pola Oficina de Emprego teñen que estar desempregadas e inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo temporal.

Para a selección das persoas candidatas, o Concello de Caldas de Reis daralle preferencia por esta orde ós seguintes criterios:

- a) As vítimas de violencia de xénero.
- b) As persoas candidatas maiores de 45 anos.
- c) As persoas candidatas que formen unha familia monoparental con fillos e fillas ao seu cargo.
- d) As persoas candidatas con nivel de renda máis baixa.
- e) As persoas candidatas con cargas familiares.

Os candidatos deberán presentar no Rexistro Xeral do Concello de Caldas de Reis a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI.
- Fotocopia do título esixido dos estudos realizados, no seu caso
- Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social.
- Fotocopia da tarxeta de demandante de emprego.
- Fotocopia do carné de conducir C e CAP en vixencia, no caso do Conductor - Maquinista.
- Declaración xurada de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto.
- Declaración xurada de non ter sido separado do servizo das administracións públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- Autorización ao Concello de Caldas de Reis para comprobar ou verificar os datos achegados nos apartados anteriores.



- Documentación para valorar os aspectos do apartado 8.3 das citadas bases.

6. TRIBUNAL DE SELECCIÓN.

6.1. COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL.

O Tribunal de selección estará integrado polos seguintes membros: Presidente/a, 2 Vogais e Secretario/a.

Os membros do Tribunal terán voz e voto, excepto o secretario/a que terá voz, mais non voto.

Non poderán formar parte dos Tribunais o persoal de elección ou designación política, os funcionarios interinos ou persoal eventual.

O nomeamento dos membros que constituirán o Tribunal Cualificador, realizarase por Decreto do Alcalde-Presidente segundo o indicado na base 4, debendo posuír, en calquera caso, titulación ou especializacións iguais ou superiores as esixidas para o acceso a función convocada.

Todos eles deberán estar adscritos a un posto de traballo que requira igual ou maior nivel de titulación esixido para cada un dos postos de traballo. A composición do tribunal exporase no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do concello <https://caldasdereis.sedelectronica.gal>, con dous días mínimos de antelación.

Os membros do Tribunal Cualificador deberán absterse cando concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Os aspirantes poderán recusar ós membros do Tribunal cando se dea algunha das circunstancias previstas no artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

6.2. INCORPORACIÓN DE ASESORES E PERSOAL DE COLABORACIÓN.

O Tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores naquelas probas que demanden oír a opinión de técnicos especialistas, así como de colaboradores.

7. CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL.

O tribunal non poderá constituírse e actuar, sen a presenza, cando menos da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes sendo preciso en todo caso, a asistencia do Presidente/a do Tribunal e do Secretario/a.

8. SISTEMA DE SELECCIÓN.

O sistema de selección constará dunha fase de oposición, que consistirá na realización dunha proba práctica, e unha fase de valoración das circunstancias persoais dos candidatos, sendo



ambas obrigatorias. A data, hora e lugar da proba práctica fixarase por resolución da Alcaldía, que se publicará no Taboleiro de Anuncios da Entidade e na sede electrónica do concello, nos termos indicados na Base Núm. 4.

Os aspirantes deberán acudir provistos do DNI., e serán convocados en chamamento único e a súa non presentación no momento de ser chamado suporá a súa exclusión do proceso selectivo, agás nos casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciadas polo Tribunal.

8.1. PROBA PRÁCTICA. (MÁXIMO 10 PUNTOS)

Consistirá nunha proba de carácter práctico adaptada ás funcións a desenvolver, e que terá carácter de obrigatorio e eliminatorio.

Dita proba valorarase de 0 a 10 puntos, sendo a puntuación mínima para aprobar 5 puntos.

Para a súa valoración terase en conta as habilidades e destreza na execución, así como o resultado final.

No caso da categoría de **AUXILIAR ADMINISTRATIVO** consistirá na resolución escrita dun suposto práctico relacionado co temario descrito no ANEXO I, que poderá conter un ou varios exercicios, no tempo de realización que acorde o Tribunal, tendente a acreditar os coñecementos do aspirante en relación coas funcións e habilidades propias da categoría de AUXILIAR ADMINISTRATIVO.

O tempo para a realización da proba será fixado polo Tribunal.

8.2. CONSIDERACIÓN DE CIRCUNSTANCIAS PERSOAIS. (MÁXIMO 1,5 PUNTOS)

As circunstancias persoais dos candidatos valoraranse conforme ao previsto no Capítulo II- Disposición Específica.1ª - Liña 3 das Bases reguladoras da Deputación Provincial de Pontevedra publicadas no BOPPO Núm. 208 do 31 de outubro de 2022.

A puntuación máxima obter nesta fase será de 1,5 puntos, de acordo co seguinte:

- a) As vítimas de violencia de xénero. (0,50 puntos)
- b) As persoas candidatas maiores de 45 anos.(0,40 puntos)
- c) As persoas candidatas que formen unha familia monoparental con fillos ou fillas ao seu cargo. (0,30 puntos)
- d) As persoas candidatas con nivel de renda máis baixa.(0,20 puntos)
- e) As persoas candidatas con cargas familiares.(0,10 puntos)

As persoas candidatas poderán acadar un máximo de **11,5 PUNTOS**. Consideraranse seleccionadas as persoas que maior puntuación acaden. En caso de empate na puntuación procederase ao desempate mediante a aplicación dos seguintes criterios conforme ao previsto no Capítulo II- Disposición Específica.1ª - Liña 3 das Bases reguladoras da Deputación



Provincial de Pontevedra publicadas no BOPPO Núm. 208 do 31 de outubro de 2022, por esta orde:

- 1º As vítimas de violencia de xénero.
- 2º As persoas candidatas maiores de 45 anos.
- 3º As persoas candidatas que formen unha familia monoparental con fillos ou fillas ao seu cargo.
- 4º As persoas candidatas con nivel de renda máis baixa.
- 5º As persoas candidatas con cargas familiares.

9. CUALIFICACIÓN FINAL.

A cualificación final virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na proba práctica xunto coa valoración das circunstancias persoais, establecendo para estes efectos a orde definitiva de aspirantes seleccionados.

10. PROPOSTA DE SELECCIÓN.

O Presidente/a do Tribunal, á vista da lista de aspirantes seleccionados, formulará proposta de selección ante o Alcalde-Presidente do Concello, sen que esta poida superar o numero de postos. A devandita proposta publicarase no Taboleiro de Anuncios e na sede electrónica do concello.

As persoas candidatas que superen o proceso selectivo pero non resulten seleccionadas para a súa contratación pasaran a formar parte dunha listaxe, pola súa orde de puntuación, que será utilizada para cubrir as posibles baixas definitivas e tamén as posibles substitucións temporais (incapacidade temporal, maternidade, paternidade...) das persoas candidatas inicialmente seleccionadas e contratadas.

Os chamamentos para substitucións realizarase ao teléfono facilitado polo interesado no documento de inscrición. O candidato terá 24 horas para dar a súa resposta, e a súa incorporación realizarase no prazo de tres días hábiles seguintes, contados dende o seguinte ao chamamento. As persoas candidatas que non acepten cubrir os postos, ou non respondan ao chamamento, agás nos casos debidamente xustificadas, quedarán excluídos da lista de reserva.

11. RESOLUCIÓN E CONTRATACIÓN.

Á vista da proposta do Tribunal e constatado que os aspirantes acreditaron os requisitos esixidos, o Alcalde - Presidente resolverá o procedemento selectivo, decidindo a contratación.

A non presentación no posto de traballo no día e hora indicados para o comezo da relación laboral, enténdese como renuncia ao posto de traballo, salvo causas debidamente xustificadas.

12. DEREITO SUPLETORIO E XURISDICIÓN.



No non sinalado nas presentes bases, estarase ao establecido na normativa básica sobre selección de persoal ao servizo da Administración Local, Estatuto dos Traballadores e demais normas que resulten de aplicación, estando os órganos competentes da Xurisdición Contencioso-Administrativa para dirimir as controversias que se produzan na aplicación destes.

13. INCIDENCIAS.

O Tribunal queda facultado para resolver cantas dúbidas e incidencias poidan xurdir no desenvolvemento do proceso selectivo, en todo o non previsto nas bases, así como para a interpretación das mesmas.

14. TRATAMENTO DE DATOS.

As persoas que presenten as súas solicitudes para este proceso, autorizan con elo, ó tratamento dos seus datos persoais, ao Concello de Caldas de Reis, para tódolos trámites relacionados con este proceso selectivo, debendo dirixirse por escrito, ao Concello de Caldas de Reis, en r/ Ferrería nº 1, para a anulación deste permiso, unha vez que finalice o citado proceso, se así o estiman.

Tódalas comunicacións, avisos e publicacións referentes a este proceso, realizaranse por publicación no taboleiro de anuncios do Concello e na a sede electrónica do concello.

15. RECURSOS.

Contra a resolución, que é definitiva en vía administrativa e pola que se aproban as bases desta convocatoria, poderán os interesados interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Caldas de Reis, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á recepción da presente notificación ou recurso contencioso – administrativo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación reguladora da devandita Xurisdición, sen prexuízo de que poida interpor calquera outro que estime procedente.

Caldas de Reis, febreiro de 2023.

O Alcalde



ANEXO I

Tema 1.—A Constitución Española de 1978: estrutura, contido e principios. Os dereitos fundamentais e as liberdades públicas.

Tema 2.—A Organización municipal: órganos e Competencias. Réxime de funcionamento dos órganos colexiados locais. As Ordenanzas municipais.

Tema 3.— O persoal o servizo das Entidades Locais. Funcionarios de carreira, persoal eventual e persoal laboral.

Tema 4.— Os Actos Administrativos. Requisitos dos actos administrativos. Eficacia dos actos administrativos. Nulidade e anulabilidade

Tema 5.—O procedemento administrativo. Iniciación. Ordenación. Instrución. Finalización do Procedemento. Execución.

Tema 6.—O rexistro de documentos. Comunicacions e notificacións. A práctica das notificacións.

Tema 7.—O procedemento electrónico. O rexistro electrónico. A notificación electrónica.

Tema 8.- Protección de datos. Dereito de información na recollida de datos, consentimento do afectado, datos especialmente protexidos, dereito de rectificación e cancelación da Lei Orgánica 3/2018 de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

DOCUMENTO ASINADO E DATADO DIXITALMENTE AO MARXE

MODELO INSTANCIA

Concello de Caldas de Reis

C/ Ferrería, 1, Caldas de Reis. 36650 Pontevedra. Tfno. 986540002. Fax: 986530393



D./D^a _____ maior de idade, en
posesión do DNI n^o _____ veciño/a do Municipio de _____ con
domicilio a efectos de notificacións na rúa/lugar de _____ n^o
_____ piso _____ porta _____ da parroquia de _____ o
teléfono _____

EXPÓN QUE:

Despois de ser seleccionado/a pola Oficina de Emprego como aspirante a contratación, en
réxime laboral temporal para o posto de _____, para prestar servizos no
Concello de Caldas de Reis, autorizo a dito concello a comprobar ou verificar os datos
aportados na documentación que se achega.

Documentación aportada:

- Fotocopia do DNI
- Fotocopia do título esixido dos estudos realizados, no seu caso
- Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social
- Fotocopia do carné de conducir C e CAP en vixencia, no caso do Conductor - Maquinista
- Declaración xurada de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño
das funcións propias do posto
- Declaración xurada de non ter sido separado do servizo das administracións públicas e non
estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na
lexislación vixente.
- Autorización ó Concello de Caldas de Reis para comprobar ou verificar os datos aportados
nos apartados anteriores.
- Documentación para valorar os aspectos do apartado 8.2 Consideración de Circunstancias
Persoais das citadas bases.

SOLICITA:

Ser admitido/a no dito proceso, por reunir os requisitos esixidos na convocatoria.

Caldas de Reis, _____ de 2023

Sinatura

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE CALDAS DE REIS

Concello de Caldas de Reis

C/ Ferrería, 1, Caldas de Reis. 36650 Pontevedra. Tfno. 986540002. Fax: 986530393



DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./Dona _____
co DNI n° _____ e con domicilio en

DECLARO BAIXO XURAMENTO

Non ter sido separado/a do servizo das administracións públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade e incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.

Non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto.

Caldas de Reis, _____ de 2023

Asdo.: _____

